

Repoñer o xénero

As crises fan bo estrume para o xénero negro. Nesta primavera, son varias as propostas con este tergal // **B. Puñal**

Nos meses por vir serán varias as editoriais galegas que meterán as mans na masa do xénero negro, e para os máis diversos moldes e catadores: dende a novela á banda deseñada, pasando pola literatura xuvenil. Mais a primavera non se esgotará aí. Con Lois Pereiro como protagonista indiscutíbel, ben engraxados os prelos que nos han dar máis que ler ao redor do homenaxeado deste 17 de maio, hai outros pratos que se prometen gorentosos. Agárdanos o último de Agustín Fernández Paz, Marcos Calveiro ou María Xosé Queizán; as antoloxías poéticas de Miguel Anxo Murado e Vázquez Pintor, e as traducións ao galego de autores como Etgar Keret, tan querido pola mocidade israelí como repudiado polo seu goberno, ou Tom McCarthy e a súa polémica C.

SOBRE A PISTA

A novela negra recibirá a visita dun vello coñecido, Frank Soutelo. O detective creado por Miguel Anxo Fernández viaxará, en *Lume de cobiza* (Galaxia), á Galicia dos incendios forestais. Non será o único investigador á procura de criminais en fisgar nas nosas librarías. Domingo Tabuyo toca tamén no xénero en *Carne sueca* (Xerais), ao igual que Xosé Manuel García en *Pegadas dun labirinto vacío* (Baía). Pola súa banda, Everest estreará, con *Mortos de ningures*, de Pereledí e Andrés Meixide, unha serie de novela negra para o público mozo. E xa nos eidos da banda deseñada, El Patito Editorial publicará a adaptación de dous clásicos de Agatha Christie: *Morte no Nilo* e *Os catro*. Mais, para quen guste de tocar noutra caste de xénero, o trimestre tamén depara ciencia ficción: *2044*, dun prometedor autor novel, Eduardo Santiago, que verá luz na colección xuvenil de Galaxia.

A piques de romper están os novos abrochos dalgún dos narradores galegos con máis eco. Manuel Rivas reeditará, en Galaxia, *Ela, maldita alma*, que engade dous contos inéditos, e Agustín Fernández Paz publicará, en Xerais, *Non hai morte tan longa*, novela ambientada na Galicia tardofranquista, co pasado e as súas contas pendentes como detonante. Aos que haberá que sumar, no cesto das novidades, *A vida por fóra* (Galaxia), de Miguel Sande, e *Un dedo manchado de tinta* (Xerais), de Manuel Portas.

REVERSOS

Rinoceronte recunca, con *Saudades de Kissinger*, nos libros de relatos de Keret, do que en castelán só se publicaron até o momento escolmas mais non traducións completas das súas obras contísticas. Outra proposta da editorial, *Os xardíns de Mulai Abdalá* de André Kamiski, permitirános entrever o descontento do Exipto de Mubarak.

En galego poderemos ler de novo a Jean Philippe Toussant, con *A verdade sobre Marie*, punto final dun ciclo narrativo do que, tamén en Galaxia, saíra publicado outro título con anterioridade, *Fuxir*. O selo prepara outro prato forte en tradución, *C*, finalista do premio Booker, e abondo dis-



Miguel Anxo Fernández // **Arquivo Galaxia**

cutida polo protagonismo do elemento textual, e non só narrativo, nunha prosa próxima ao modernismo anglosaxón.

LOIS PRESENTE

As editoriais teñen xa preparadas as últimas balas para o 17 de maio. Pouco despois de *Radiografía do abismo* chega agora *Diccionario de sombras* (Espiral Maior), tamén de Antón Patiño. Pola súa banda, tresCtres sacará do forno o habitual “diccionario” que todos os anos lle dedica á persoa protagonista do Día das Letras e que, nesta ocasión, contará con prólogo de Méndez Ferrín. Galaxia ten de man varios títulos: a antoloxía poética de Daniel Salgado, a biografía cociñada por Antón Lopo e mais tamén *Náufragos do paraíso*, que recolle a novela inacabada homónima xunto con outro relato do escritor. En Laiovento, Mercedes Queixas prepara unha biografía. E, a finais de marzo, estará na rúa a compilación do traballo ensaístico de Pereiro –*Modesta proposición e outros ensaios*– en Xerais.

Polo demais, esta será estación mais ben de seca para a poesía. A non ser polas compilacións que Espiral Maior fará dos versos de Vázquez Pintor e Murado; a publicación da obra merecedora do Eusebio Lorenzo Baleirón –*Fedor*, de Luís Valle Regueiro, en Sotelo Blanco– e os *Poemas de África lonxe* (Barbantesa), de Eduardo Bettencourt e Jorge Arimar e con Angola como pano de fondo.

IRES E VIRES

Si, porque a historia vai e vén, un paso adiante e outro atrás. Así nolo amosa Carlos Callón no ensaio *Amigos e sodomitas*, de próxima publicación en Sotelo Blanco, que remexe na Idade Media e en como a tolerancia cara á homosexualidade virou entón en profunda homofobia. Tamén os feminismos sofren de preto estas oscilacións pendulares. Unha das súas máis senlleiras expoñentes en Galicia, María Xosé Queizán, afonda en Xerais na figura

de Mary Wollstonecraft Shelley, creadora do Frankenstein, e boa herdeira do ideario feminista e ilustrado da súa nai, a autora, na época Revolución Francesa, da *Vindicación dos dereitos da muller*. Por certo, Queizán será homenaxeada este abril cun acto en Vigo no que se presentará o libro a ela dedicado *Cara a unha poética feminista*, tamén en Xerais.

Dende o ventre da literatura parten as propostas que seguen. Por unha banda, *Sobre a lectura* (Trifolium), que recolle dous textos ensaísticos de Marcel Proust sobre o tema. O editor Carlos Lema, que se encarga da tradución, asina ademais un longo traballo introdutorio. Por outra, *Fogar impronunciable* (*Poesía e fantasma*), de María do Cebreiro e en Galaxia.

MIUDANZAS

A literatura xuvenil terá como protagonista a Marcos Calveiro, que reparará no México revolucionario de Pancho Villa con *Centauros do norte*, en Rodeira. Entre as novidades para a xente miúda, destaca nesta primavera a poesía, da man de Fran Alonso con *O meu gato é un pintor* (Xerais), que acaba de chegar ás librarías; *Versos en flor*, de Carlos Fontes (Galaxia) e, en Espiral Maior, un volume que reúne dous poemas tradicionais, o Xan Pericán e mais unha canción de berce. Ademais, álbums de Pinto e Chinto en Everest –*A maceira que dá calquera cousa menos mazás*– e de Xose Carlos Caneiro en Galaxia –*O raposo colabranca*–.

Pouco, moi pouco, darán de si os prelos canto á escrita dramática. Logramos só captar un título de próxima publicación, a obra merecente do Álvaro Cunqueiro, *Chegamus despois a unha terra gris*, de Raúl Dans (en Xerais). Xénero tamén escaso nos catálogos editoriais é o guión cinematográfico, do que contaremos desta vez cunha mostra, *Pacto de cabaleiros*, de Raúl Veiga. E, como non quedan xa máis liñas para facer xirar este cataventos, poñemos punto e final dándolle a benvida á primavera das letras.